



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041

Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 – Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)

CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 06 de abril de 2010, adoptou entre outros o acordo que transcrito literalmente di:

“4.- INFORMES DE SERVICIOS.

4.4.- Preséntase expediente relativo ó Plan-E 2010, regulado por el Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea un Fondo Estatal para o Emprego e a Sostinibilidade Local, para a execución da obra de ”RENOVACIÓN DO SANEAMENTO NA R/ MONTE”, por un importe de 140.074,87 euros.

Por Secretaría infórmase que o expediente de adxudicación iniciouse por providencia de Alcaldía de data 08 de marzo de 2010 e que o mesmo aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09 de marzo de 2010 e que se pretende a súa adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, por non exceder a súa cuantía do límite sinalado no artigo 155 d) da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. Engade que se solicitaron ofertas a tres empresas capacitadas para a execución do contrato e que a Mesa de Contratación reunida en data 06 de abril 2010 propuxo a adxudicación á empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS SA, por un importe de 120.581,00 euros e 19.292,96 euros en concepto de IVA, cun total de 139.873,96 euros, cun prazo de execución de dous meses, debendo a citada empresa contratar a un traballador en situación de desemprego. Finalmente sinala que a oferta presentada pola empresa “Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones SA” recibíuse fóra de prazo polo que non resulta admitida por unanimidade de todos os membros da Mesa.

O resultado da valoración realizada pola Mesa de Contratación é a seguinte:

SERCOYSA

- Importe: 139.873,96 euros.
- Melloras: Non se sinalan (0 puntos).
- Traballadores desempregados a contratar sobre o total sinalado no proxecto: traballadores: 1 traballador (30 puntos).
- Puntuación total: 30 puntos.

ORESA SL

- Importe: 139.949,36 euros.
- Melloras: Non se sinalan (0 puntos).
- Traballadores desempregados a contratar sobre o total sinalado no proxecto: traballadores: Ningún (0 puntos)
- Puntuación total: 0 puntos.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os membros da Xunta de Goberno Local:

1.- Adxudicar provisionalmente a obra de ”RENOVACIÓN DO SANEAMENTO NA R/ MONTE”, á empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS SA, por un importe de 120.581,00 euros e 19.292,96 euros en concepto de IVA, cun total de 139.873,96 euros, cun prazo de



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

execución de dous meses, debendo a citada empresa contratar a un traballador en situación de desemprego.

2.- Notificar ás empresas participantes na licitación o presente acordo, ós efectos do previsto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, insertando o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante sito na páxina web "www.ailladearousa.es/contratación".

3.- Dar traslado do presente acordo á empresa adxudicataria, ós efectos do previsto no artigo 135.4 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e para a presentación da documentación sinalada no mesmo."'''

Para que así conste, ós efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente e ca salvedade do artigo 206 do ROF, en A Illa de Arousa, a 07 de abril de 2010.

Vº e Praxe
ALCALDE

Fdo. José Manuel Vázquez Vázquez

O SECRETARIO

Fdo. Daniel Angel Lamas Bello